



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de deporte, dereitos humanos e obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS)

CONVOCATORIA: Curso superior de deporte, dereitos humanos e obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS)

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Coñecementos transversais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 30/04/2024 - 09:00h ao 05/05/2024 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O deporte é un fenómeno transversal que caracteriza a sociedade moderna. O seu desenvolvemento abrangue diferentes e moi variadas dimensións, que van desde a saúde e benestar ata aspectos económicos e financeiros.

Unha das facianas onde o deporte, a través das súas diferentes manifestacións, desempeña un rol salientable é no eido social no que atinxe á integración, á igualdade e á promoción de colectivos vulnerables. Por este motivo, en canto á promoción dos dereitos humanos, o deporte avístase como unha ferramenta fundamental.

A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, promovida polas Nacións Unidas, establece un plan de acción a escala internacional para erradicar a pobreza, combater as desigualdades, construír sociedades xustas e inclusivas e protexer os dereitos humanos.

A consecución destas metas non é posible sen un desenvolvemento sostible, para o cal se marca un conxunto de 17 obxectivos, coñecidos como os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

É por iso que mediante este curso se pretenden achegar ás persoas destinatarias as principais cuestións referentes ao desenvolvemento dos ODS, facendo especial fincapé nos aspectos onde o deporte pode servir como instrumento ou ferramenta facilitadora.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local; e das universidades do Sistema universitario de Galicia. Terá preferencia o persoal empregado público con responsabilidade na xestión de entidades e instalacións deportivas.

No caso de non se cubriren a totalidade das prazas convocadas con persoal empregado público, ás vacantes que resulten poderá acceder calquera persoa interesada nos contidos do curso.

PROGRAMA

Mércores, 8 de maio de 2024: das 16:30 ás 20:30 h.

1ª sesión: Contexto legal e institucional.

- a) Marco legal das administracións públicas.
- b) Marco xurídico do deporte.
- c) Organización institucional internacional, nacional e local.
- d) Aspectos económicos, sociais e culturais.

José Ramón Lete Lasa. Secretario xeral para o Deporte. Xunta de Galicia.
Patricio Sánchez Fernández. Universidade de Vigo (Uvigo).

Mércores, 15 de maio de 2024: das 16:30 ás 20:30 h.

2ª sesión: Intelixencia artificial, xestión deportiva e ODS.

- a) A intelixencia artificial na xestión deportiva.
- b) Innovación e tecnoloxía aplicada aos dereitos humanos no deporte.
- c) ODS, economía e deporte.
- d) A seguridade dixital: responsabilidades e dereitos.

Leonor Gallardo Guerrero. Universidade de Castela-A Mancha (UCLM).

Mércores, 22 de maio de 2024: das 16:30 ás 20:30 h.

3ª sesión: O deporte como ferramenta de cambio.

- a) O deporte como mensaxeiro de paz e solidariedade.
- b) O deporte como axente de igualdade e non discriminación.
- c) O deporte como aliado da conservación do medio natural.
- d) Deporte e voluntariado social.

David Fabeiro Agraso. Asociación Galega de Xestión Deportiva (AGAXEDE).
María Troncoso Calvo. CCEP - Coca-Cola Europacific Partners.
Jesyca Salgado Barandela. Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Mércores, 29 de maio de 2024: das 16:30 ás 20:30 h.

4ª sesión: Escenario internacional.

- a) Os dereitos humanos na historia do deporte.
- b) O deporte como fenómeno global.
- c) O deporte no marco das Nacións Unidas.
- d) O movemento olímpico.

Mario Rigau Oliveras. Observatorio dos Dereitos Humanos de España – ODHE.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base cuarta desta resolución para as persoas destinatarias sempre que se poida confirmar coa documentación recibida ou coa información que figure na área de matrícula de cada solicitante. Fóra disto, o criterio secundario de selección será sempre a data e hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos nas bases cuarta e oitava respectivamente da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Coñecementos transversais) e, logo, seleccionar en «nome do curso»: Curso superior Deporte, Dereitos Humanos e ODS.

Unha vez formalizada a matrícula, o persoal empregado público con responsabilidade na xestión de entidades e instalacións deportivas, deberá achegar, antes de que finalice o prazo de inscrición, algún documento que o acredite

(certificado asinado pola persoa que corresponda, cabeceira de nómina, toma de posesión....) ao correo electrónico novas.egap@xunta.gal

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 08/05/2024 a 29/05/2024

NUM. PRAZAS: 80

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Leonor Gallardo Guerrero

PATRICIO SANCHEZ FERNANDEZ

DAVID FABEIRO AGRASO

Jesyca Salgado Barandela

JOSÉ RAMÓN LETE LASA

MARIA TRONCOSO CALVO

MARIO RIGAU OLIVERAS

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: Os días 08, 15, 22 e 29 de maio de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA